



Para ese efecto, o seu contido poderá ser impreso en soporte papel, no que a sinatura manuscrita será substituída por un código de verificación xerado electronicamente que permita, se é o caso, contrastar a súa autenticidade accedendo por medios electrónicos ou telemáticos aos arquivos do órgano ou organismo emisor.

O certificado electrónico poderá ter valor de documento público se é emitido por un funcionario competente no exercicio das súas funcións, sempre que fose solicitado e expedido como tal.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA. FOMENTO DAS TÉCNICAS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

O Concello do Grove realizará actuacións encamiñadas a fomentar entre os cidadáns, empresas e entidades a utilización das técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na súa relación co Concello.

Segunda. Garantías xerais

A prestación dos servizos e as relacións xurídicas a través de redes de telecomunicación desenvolveranse de conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, e as disposicións específicas que regulan o tratamento automatizado da información, a propiedade intelectual e os servizos da sociedade da información.

Terceira. Desenvolvemento

Facúltase ao alcalde/presidente para adoptar as medidas organizativas necesarias para desenvolver as previsións do presente regulamento e modificar os aspectos técnicos que sexan convenientes por motivos de normalización, interoperabilidade ou, en xeral, adaptación ao desenvolvemento tecnolóxico.

DISPOSICIÓN FINAL

ÚNICA. ENTRADA EN VIGOR

O presente regulamento entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia”

O Grove, a 15 de outubro de 2012.—O Alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

2012009960

A N U N C I O

Aprobado definitivamente polo Pleno municipal na sesión que tivo lugar o 26 de xullo de 2012 o Regulamento do Consello municipal do deporte e da actividade física publícase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Edítase para xeral coñecemento e faise constar que contra o acordo e o regulamento aprobado pódese interpor un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

ESTATUTOS DO CONSELLO MUNICIPAL DO DEPORTE E DA ACTIVIDADE FÍSICA DO CONCELLO DO GROVE

CAPITULO 1. PARTE EXPOSITIVA

O Consello Municipal de Deportes do Grove, constituído ao amparo do artigo 130 do Regulamento de organización e réxime xurídico, é un órgano sectorial de participación cidadá de carácter consultivo, coa finalidade de asesorar o Concello do Grove en materia deportiva e de actividade física e a través do cal os diferentes colectivos relacionados co sector deportivo do municipio poden encontrar un foro adecuado para canalizar as súas opinións, suxestións, necesidades, problemáticas, propostas, iniciativas e

inquietudes. Un órgano onde estas propostas poidan ser tidas en conta á hora da toma de decisións e que sirva ademais para xuntar esforzos na busca de obxectivos comúns.

CAPITULO 2. FUNCIONS DO CONSELLO MUNICIPAL DO DEPORTE E DA ACTIVIDADE FÍSICA

As funcións do Consello Municipal do Deporte e da Actividade Física son as seguintes:

- Propoñerlle iniciativas ao Concello do Grove en materia de programas e accións no ámbito deportivo.
- Servir de canle de participación e integración do movemento asociativo deportivo e, en xeral, do tecido social de cuxa actividade derivan asuntos de interese para o sector do deporte e da actividade física.
- Colaborar co concello e cos diferentes departamentos implicados na xestión e desenvolvemento efectivo do Programa de actividades e infraestruturas deportivas do Concello do Grove.
- Favorecer iniciativas para o fomento de espectáculos e eventos deportivos como medio de favorecer a práctica e a cultura deportiva.
- Procurar a análise e o estudo relacionado coa busca de novas actividades deportivas de aplicación e uso de novas tecnoloxías nestas actividades.
- Participar no deseño e elaboración de programas de actividades de competencia municipal a través da Concellería de Deportes para desenvolver en centros, barrios, instalacións deportivas, etc. que garden relación directa ou indirecta coa satisfacción dos intereses e aspiracións veciñais no mundo do deporte e da actividade física.
- Traballar na procura da coordinación entre os distintos clubs/asociacións deportivos/as e institucións para aqueles programas e actividades de ámbito municipal que involucren diversos clubs, institucións ou profesionais con intereses deportivos comúns.
- Coñecer e informar sobre a memoria anual de actividades da Concellería de Deportes do Grove.
- Calquera outra función que estea directamente relacionada co benestar e co desenvolvemento persoal e colectivo de todos os participantes de actividades físico-deportivas.

CAPÍTULO 3. MEMBROS DO CONSELLO MUNICIPAL DO DEPORTE E DA ACTIVIDADE FÍSICA

O Consello Municipal do Deporte está integrado polos seguintes membros:

- O alcalde ou o concelleiro en quen delegue.
- 1 representante de cada un dos partidos políticos da corporación.
- 5 representantes dos clubs deportivos, elixidos entre todos os clubs efectivamente implantados na localidade. A distribución será: 1 do deporte colectivo de mar, 2 do deporte colectivo de terra, 1 representante da Asociación de Clubs Deportivos da localidade e 1 dun deporte individual.
- 1 representante das ANPA.
- 1 representante das AA VV.
- 1 representante da terceira idade.
- 1 deportista non federado que faga uso das instalacións deportivas ou participe nalgún programa de actividade física ofertado polo concello.
- 1 persoa de recoñecido prestixio e mérito en materia deportiva, que será libremente designada polo Pleno da corporación.
- O técnico deportivo local (con voz pero sen voto).

CAPÍTULO 4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DO DEPORTE E DA ACTIVIDADE FÍSICA

A organización e funcionamento do Consello Municipal do Deporte serán os seguintes:

1. O Consello estará presidido polo alcalde ou o concelleiro en quen delegue, que terá as seguintes atribucións:

- Actuar como enlace entre a corporación e o Consello.
 - Representar o Consello ante toda clase de institucións, organismos e particulares.
 - Coordinar a execución dos programas elaborados polo Consello.
 - Exercer o voto de calidade en caso de empate.
 - Velar polo cumprimento dos acordos.
 - Convocar as reunións do Consello, dirixir o debate e determinar a orde do día para as sesións tendo en conta as propostas que formulen os distintos membros para a súa elaboración.
2. O secretario, que será o secretario xeral do Concello, podendo delegar noutro/a persoal municipal. Corresponderanlle ao secretario as seguintes funcións:
- Enviarlles as citacións aos compoñentes do Consello Municipal de Deportes coa antelación prevista legalmente, por orde do presidente. Nas citacións incluírase a orde do día.
 - Redactar as actas das sesións, custodiando os libros de actas, notificar os acordos e expedir, co visto e prace do presidente, toda clase de certificacións.
 - Enviarlles unha copia de cada unha das actas aos membros do Consello Municipal do Deporte e da Actividade Física e aos colectivos que a soliciten.
 - Facilitarlles aos membros do Consello Municipal do Deporte e da Actividade Física que o integran a información e asistencia técnica necesaria para o mellor desenvolvemento das súas funcións.
3. Logo da autorización do presidente e a requirimento de calquera membro do Consello, poderán asistir ás reunións persoas a título individual relacionadas cos fins do Consello e, en todo caso, os técnicos municipais dos departamentos implicados nos programas deportivos.
4. O Consello deberá levar a cabo reunión ordinaria cunha periodicidade semestral. Reuniranse con carácter extraordinario cando o considere o presidente ou ben cando o soliciten polo menos un terzo dos seus membros.
5. O Consello de carácter ordinario convocarase con tres días de antelación, notificándollo aos membros con dez días de antelación, co obxecto de que poidan propoñerlle ao presidente a inclusión de determinados temas na orde do día.
6. Na acta da sesión, indícarase o voto particular de cada un dos membros a respecto de cada unha das propostas e informes que emita o Consello para a súa posterior deliberación no órgano administrativo que corresponda. En todo caso, para que unha proposta ou informe se someta ao órgano administrativo correspondente, deberá contar polo menos coa maioría simple dos asistentes.
7. O ámbito territorial da actuación do Consello Municipal do Deporte será o Concello do Grove.
8. A renovación de cargos realizarase por solicitude dos interesados ou coincidindo coa constitución das corporacións locais.”

O Grove, a 15 de outubro de 2012.—O Alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

2012010011

* * *

LALÍN

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2012

O Concello de Lalín convoca axudas para actividades deportivas, conforme ás seguintes bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2012.

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2012

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2012, destinadas a desenvolver actividades e programas que, organizados por e para colectivos cidadáns do municipio legalmente constituídos ou cidadáns a título individual, contribúan ao cumprimento dos obxectivos de promoción e fomento da actividade deportiva na súa máis ampla expresión, referida tanto ao desenvolvemento das actividades propias dun clube deportivo como á realización dun evento ou actividade deportiva concreta.